

NOTA DE PRENSA

O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia celebra a Conferencia “Presente e futuro do Psicólogo e Psicóloga educativa”.

Santiago de Compostela, 12 de decembro de 2012.- O vindeiro venres 14 de decembro celebrarase unha Asemblea de Socios e Socias da Sección de Psicoloxía Educativa do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia convocada para as 19.00 horas. Previamente á Asemblea, contaremos coa presenza de **Olegaria Mosqueda Bueno**, Presidenta da Sección de Psicoloxía Educativa do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, quen impartirá a Conferencia “Presente e futuro do Psicólogo e Psicóloga educativa”. A Conferencia celebrarase en horario de 18.00 a 18.45 horas e o obxectivo da mesma é presentar a situación profesional actual, e informar das concrecións e propostas e conversacións mantidas con axentes profesionais, sociais e políticos para a regulación da psicoloxía no ámbito educativo.

Espiñeira, 10-Baixo
15706 Santiago de Compostela
Tfno.: 981 534 049 / Fax: 981 534 983
www.copgalicia.es
copgalicia@cop.es